

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE ORDENADORES PORTÁTILES PARA ALUMNOS DA USC, EN VIRTUDE DO CONVENIO SUSCRITO COA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA DA XUNTA DE GALICIA PARA OS ANOS 2007 E 2008 (PROGRAMA UNI-PORTA)**

A Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela, ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela o 24 de xullo de 2007, e co obxecto de facilitar aos estudantes universitarios o acceso aos servizos e contidos da Internet e das Intranet universitarias, dun xeito deslocalizado, flexible e ubicuo, convoca axudas para os anos 2007 e 2008, de acordo coas seguintes,

### **BASES**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Convócanse axudas para estudantes da USC para a adquisición de ordenadores novos que cumpran a totalidade das seguintes características :

- portátiles (excluída PDA e consola)
- con conexión WI-Fi (802.11.b/g)
- mercados entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2007 para as axudas destinadas para ese ano e entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2008 para as axudas do ano 2008.

#### **SEGUNDA.- CONTÍA**

A contía da axuda será de **200€**

O crédito asignado pola Consellería para o desenvolvemento desta acción, é de 156.400,00€ para o ano 2007 e de 195.400,00€ para o ano 2008.

A contía global dos recursos asignados a esta acción será consignado na partida orzamentaria 8120.4847.78000 do orzamento de gastos da USC.

#### **TERCEIRA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES.**

1. Ser estudantes de primeiro, segundo ou terceiro ciclo, estar matriculado en un posgraio oficial ou ser alumno das escolas universitarias adscritas á USC.
2. Estar ao corrente no pagamento dos prezos públicos coa USC.
3. Non ter recibida outra axuda no marco do programa UNI-PORTA tanto nas anteriores convocatorias como na actual e en calquera das universidades do SUG. Será compatible coa concesión de calquera outra axuda ou axudas para a mesma finalidade, agás que a suma de todas elas, incluída a do programa UNI-PORTA, supere o prezo da adquisición
4. Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. A comprobación do cumprimento destas obrigas será efectuada directamente polas universidade previa autorización expresa do solicitante.
5. Non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
6. Non disfrutar doutra axuda incompatible segundo consta na base oitava desta convocatoria.

## **CUARTA.- SOLICITUDES, LUGAR DE PRESENTACIÓN E PRAZO**

### **1. Solicitudes.-**

Os solicitantes deberán cumplimentar o formulario que figura no enderezo web [www.usc.es/uniporta](http://www.usc.es/uniporta) e obter e imprimir o *documento de solicitude de subvención* (Anexo I da presente convocatoria) que conleva unha concesión provisional e unha reserva de crédito que autoriza ao estudante para a compra do ordenador.

O documento poderá obterse sempre e cando o solicitante cumpra os requisitos 1, 2 e 3 consignados na base terceira desta convocatoria e exista crédito dispoñible para a concesión da subvención.

Se o solicitante cumpre os requisitos sinalados e non houbera crédito dispoñible para a concesión da subvención, pasaría a unha lista de agarda. No momento que houbera crédito dispoñible, o primeiro alumno da lista de agarda recibiría por correo electrónico o *documento de solicitude de subvención*.

A páxina web para a obtención do *documento de solicitude de subvención* estará activa desde o 19 de setembro ata o 31 de outubro de 2007. Este prazo poderá ser ampliado no caso de non esgotar o crédito asignado para este curso na partida orzamentaria.

### **2. Lugar de presentación.-**

O *documento de solicitude de subvención* e a documentación requirida nel presentarase nos **Rexistros Xerais da Universidade**: o de Santiago, sito no Colexio de San Xerome, s/n, 15782, e o de Lugo, sito na Vicexerencia de Lugo, (Edificio Servizos Administrativos e Biblioteca Intercentros, Campus Universitario), 27002, nos **Rexistros Auxiliares** das Unidades de Xestión Académica, o do Campus Sur sito no edificio do Pavillón Estudantil e o do Campus Norte sito no Burgo das Nacións.

### **3. Prazo.-**

O prazo de presentación do *documento de solicitude de subvención* e a documentación requirida finalizará no prazo máximo dun mes dende a obtención do documento e figurará expresamente no propio documento. En todo caso a documentación deberá presentarse, para aquelas persoas que obteñan o documento de solicitude de subvención con posterioridade ao 15 de outubro, como máximo ata o 15 de novembro.

Se o solicitante non cumpre este prazo decaerá do seu dereito a ser beneficiario, e terá que obter un novo *documento de solicitude de subvención* para reiniciar o procedemento.

No momento no que a solicitude dun estudante decaera no dereito de ser beneficiario, o crédito reservado da concesión provisional será reintegrado ao crédito dispoñible.

## **QUINTA.- DOCUMENTACIÓN.**

Todas as solicitudes deben vir acompañadas da seguinte documentación:

- a) O *documento de solicitude de subvención* debidamente cuberto e asinado.
- b) Factura (orixinal ou copia cotexada polos rexistros) de adquisición do ordenador expedida ao nome do solicitante da axuda. Na factura deberá figurar o nome e apelidos así como o NIF do alumno e unha descripción detallada das características do ordenador portátil así como os datos do comercio ou provedor.
- c) Certificación expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta do estudante onde se debe realizar o pagamento da subvención.
- d) Copia do NIE (número de identificación de estranxeiros) no caso de telo.

## **SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS DA AXUDA**

- 1.** Destinar a axuda a finalidade para a que foi concedida.
- 2.** Xustificar perante a USC, o cumprimento dos requisitos especificados e someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola USC, así como calquera outra que poidan realizar os órganos de control competentes.
- 3.** Comunicar á USC, a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- 4.** Manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados durante un período mínimo de 3 anos.
- 5.** Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión. A Sección de Bolsas e Axudas ao Alumnado realizará a custodia dos documentos daqueles alumnos que expresamente non soliciten a súa devolución en data posterior á concesión da axuda.
- 6.** Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

## **SÉTIMA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

A cada beneficiario aboaráselle o importe da mesma no número de conta bancaria que fixo constar na solicitude. No caso de renuncia á subvención, o crédito reservado da concesión provisional será reintegrado ao crédito dispoñible.

A transferencia das axudas farase mensualmente. Coa mesma periodicidade mensual a USC certificará o pagamento desas axudas á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información par aos efectos establecidos na cláusula novena do convenio mencionado.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2007

**O REITOR**

**Senén Barro Ameneiro**